



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 XESTIÓN E SERVIZOS

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique o número cardinal incorrecto:

- A) Dezanove
- B) Catrocentos
- C) Trinta e un
- D) Catorze

2. Indique a denominación incorrecta:

- A) Análises clínicas
- B) Psicoloxía clínica
- C) Hematoloxía clínica
- D) Ciruxía torácica

3. Sinale a opción incorrecta:

- A) Xestión de proxectos
- B) Deseño asistido por ordenador
- C) Espazador
- D) Estructura de base de datos

4. Sinale das seguintes relacións singular-plural a opción incorrecta:

- A) Fusil- Fusís
- B) Amábel- Amábeis
- C) Xudeu- Xudeus
- D) Caracol- Caracoles

5. O termo "xaxún" corresponde con:

- A) Abstención de tomar alimentos
- B) Almorzo ou primeira comida do día
- C) Primeiro mes do ano
- D) Planta carnívora

6. Indique cal dos seguintes termos non corresponde cunha parte do corpo humano:

- A) Tépedo
- B) Pulso
- C) Queixo
- D) Coxa

7. Indique cal das seguintes palabras é correcta en galego:

- A) Tasa
- B) Abogado
- C) Contía
- D) Adscripción

8. Indique a opción incorrecta:

- A) Botón do rato
- B) Arquivo de procesamento
- C) Redes de transmisión de datos
- D) Dispositivos móbiles

9. Sinala a opción que se corresponda coa seguinte definición "Cada un dos membros que, xunto co alcalde, teñen ao seu cargo a administración dun concello":

- A) Concellal
- B) Concelleiro
- C) Concexal
- D) Todas as respostas son correctas

10. As seguintes palabras son todas de xénero feminino, agás:

- A) Crise
- B) Xénese
- C) Cume
- D) Cute

Preguntas de reserva

1. Indique a opción que se corresponde coa seguinte definición "Percibir de modo pouco claro":

- A) Albiscar
- B) Alcumar
- C) Alborexar
- D) Aliñar

2. Sinala a opción que se corresponda coa seguinte definición "Porción superior do membro inferior comprendida entre a cadeira e o xeonllo":

- A) Perna
- B) Coxa
- C) Tornecelo
- D) Inguia